

**ACTA N 2020/13**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA**  
**13.06.2020**

**ÍNDICE DE PUNTOS**

**PUNTO ÚNICO. APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2020  
PARA EDUCACIÓN PRIMARIA, SECUNDARIA E BACHARELATO, DO CONCELLO DE AMES...2**

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 13 DE XUÑO DE 2020.**

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as nove horas e trinta minutos (09:30 h) do día trece (13) de xuño de dous mil vinte (2020), réunese a Xunta de Goberno local deste Concello en sesión extraordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, José Manuel Miñones Conde, e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde David Santomil Mosquera, José Blas García Piñeiro, Genma Otero Uhía, Luísa Feijoo Montero, Ana Belén Paz García e Natividad González Rodríguez.

Actúa de **secretaria** a titular da Corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

### **PUNTO ÚNICO. APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2020 PARA EDUCACIÓN PRIMARIA, SECUNDARIA E BACHARELATO, DO CONCELLO DE AMES.**

#### **Expediente 2020/X999/000202**

O Concello de Ames, ten intención de organizar, como en anos anteriores, os campamentos de verán 2020. Porén, os protocolos para evitar o contaxio do COVID-19 obrigan a unha redución na oferta do número de prazas con respecto a edicións anteriores. Por estes mesmos motivos, este ano non se ofertan campamentos para nenos e nenas de educación infantil xa que nestas idades é especialmente difícil manter a distancias sociais obrigatorias, derivadas da alarma sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Figura no expediente proposta conxunta das concellerías de Transición Ecolóxica, Medio Rural e Turismo, e de Mocidade e Normalización Lingüística, de data 08.06.2020 .

Figura tamén informe conxunto das técnicas de Mocidade e Medio Ambiente, de data 09.06.2020, así como o estudo económico no que se avalían os custos e se fixan os prezos.

A competencia para a fixación dos prezos reside na Xunta de Goberno Local, tal e como deriva da ordenanza número 2 de prezos públicos polos servizos culturais e deportivos do Concello de Ames.

Figuran informes favorables da Tesourería Municipal, de data 10.06.2020, e da Intervención Municipal, de data 11.06.2020 ( informe 252 /2020).

Visto o que antecede, Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.** Aprobar o prezo público para os campamentos de verán 2020 para educación primaria, secundaria e bacharelato do Concello de Ames, que figuran como Anexo I deste acordo.

**Segundo.** Publicar un anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público tanto no BOP, como na páxina web do concello e nas dependencias do servizo que organice a actividade. O anuncio permanecerá exposto dende o día seguinte ao da adopción do presente acordo ata que a actividade teña rematado.

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados.

**Cuarto.** Dar conta deste acordo na primeira sesión de comisión informativa de Economía e Facenda que teña lugar.

**Quinto.** Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

#### Anexo I

	Usuario/a	90,00 €
	Usuario/a familias numerosas de categoría especial	45,00 €

Campamento 1º de E. Primaria	Usuario/a para familias de especial consideración, (agás as familias numerosas de categoría especial)	72,00 €
	Usuario/a emerxencia social	A criterio de S.S.
Campamento 2º de E. Primaria	Usuario/a	90,00 €
	Usuario/a familias numerosas de categoría especial	45,00 €
	Usuario/a para familias de especial consideración, (agás as familias numerosas de categoría especial)	72,00 €
	Usuario/a emerxencia social	A criterio de S.S.
Campamento 3º de E. Primaria	Usuario/a	125,00 €
	Usuario/a familias numerosas de categoría especial	62,50 €
	Usuario/a para familias de especial consideración, (agás as familias numerosas de categoría especial)	100,00 €
	Usuario/a emerxencia social	A criterio de S.S.
Campamento 4º de E. Primaria	Usuario/a	125,00 €
	Usuario/a familias numerosas de categoría especial	62,50 €
	Usuario/a para familias de especial consideración, (agás as familias numerosas de categoría especial)	100,00 €
	Usuario/a emerxencia social	A criterio de S.S.
Campamento 5º de E. Primaria	Usuario/a	170,00 €
	Usuario/a familias numerosas de categoría especial	85,00 €
	Usuario/a para familias de especial consideración, (agás as familias numerosas de categoría especial)	136,00 €
	Usuario/a emerxencia social	A criterio de S.S.
Campamento 6º de E. Primaria	Usuario/a	170,00 €
	Usuario/a familias numerosas de categoría especial	85,00 €
	Usuario/a para familias de especial consideración, (agás as familias numerosas de categoría especial)	136,00 €
	Usuario/a emerxencia social	A criterio de S.S.
Campamento Xuvenil 1º – 2º ESO	Usuario/a	220,00 €
	Usuario/a familias numerosas de categoría especial	110,00 €
	Usuario/a para familias de especial consideración, (agás as familias numerosas de categoría especial)	176,00 €
	Usuario/a emerxencia social	A criterio de S.S.
Campamento 3º ESO - 2º BACH	Usuario/a	220,00 €
	Usuario/a familias numerosas de categoría especial	110,00 €
	Usuario/a para familias de especial consideración, (agás as familias numerosas de categoría especial)	176,00 €
	Usuario/a emerxencia social	A criterio de S.S.
Campamento SETEMBRO	Usuario/a	150,00 €
	Usuario/a familias numerosas de categoría especial	75,00 €
	Usuario/a para familias de especial consideración, (agás as familias numerosas de categoría especial)	120,00 €
	Usuario/a emerxencia social	A criterio de S.S.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás nove hora e corenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde  
José M. Miñones Conde

A secretaria  
Rosa Ana Prada Queipo